



SESION EXTRAORDINARIA DE 14 DE XANEIRO DE 2026

Presidente, en funcións:

D. Efrén Castro Caloto

Sres/as Deputados/as:

D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González
D. José Tomé Roca

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as doce horas do día **catorce de xaneiro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia do Presidente, en funcións Sr. D. Efrén Castro Caloto, reúnen as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

	IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Fecha y Hora	21/01/2026 13:56:42	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Página	1/9	

Polo Señor Presidente en funcións dáse inicio á sesión, dando lectura da lexislación que regula a celebración do acto, e intervén no seguinte sentido:

“Dase comenzo á Sesión extraordinaria do Peno da Corporación cuxo único punto da orde do día é a elección do Presidente ou Presidenta da Deputación Provincial de Lugo o terse producido a renuncia ao cargo, con data 12 de decembro de 2025, por don José Tome Roca, renuncia da que tomou coñecemento o Pleno da Corporación celebrado con data 30 de decembro de 2025.

A convocatoria deste Pleno extraordinario faise con base no disposto no art 53 do regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que dispón que unha vez vacante a Presidencia, procederase á convocatoria da sesión extraordinaria para proceder á elección de presidente/a, que haberá de celebrarse o décimo día hábil ás doce horas. Para tales efectos entenderase como data inicial da renuncia, a data da aceptación polo Pleno.”

ORDE DO DÍA

1.- ELECCIÓN DO/A PRESIDENTE OU PRESIDENTA DA ECMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Intervén o Sr. Secretario, e informa do procedemento a seguir, no seguinte sentido:

“Con base na reiterada doutrina da Xunta Electoral Central recollida, entre outros, nos acordos de datas 19 de setembro de 2001, 17 de decembro de 2003 e 2 de febreiro de 2012, a Presidencia desta sesión correspóndelle ao Sr. Presidente en funcións, don Efrén Castro Caloto.

Por outra banda, en aplicación do disposto no apartado terceiro do artigo 60 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; no artigo 49 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial de Lugo e no artigo 14.3 do Regulamento de honras e distincións da Deputación Provincial de Lugo, vaise a proceder á elección de presidente ou presidenta, de acordo cos seguintes criterios:

1º.- Poden ser candidatos/as ao cargo de Presidente/a, calquera dos Deputados/as provinciais.

	IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Fecha y Hora	21/01/2026 13:56:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Página	2/9





2º.- A elección farase por votación secreta. Para estes efectos teñen, nos seus escanos unha tarxeta, en branco, co fin de que escriban o nome do Deputado ou Deputada a quen otorgan o seu voto.

3º.- Pola Secretaría chamarase nominalmente a todos os Deputados/as, que acercaranse á furna destinada a tal efecto para depositar a tarxeta, co nome do Deputado ou Deputada proposto como Presidente ou Presidenta.

4º.- O Presidente, en funcións, recontará, unha por unha, as tarxetas cos nomes dos Deputados ou Deputadas que obtiveran algún voto.

5º.- Será necesaria para a elección como Presidente ou Presidenta a obtención da maioría absoluta dos votos dos membros que componen a Corporación, en primeira votación, isto é un número de 13 votos.

6º.- En caso de que ningún Deputado ou Deputada obtivese a maioría absoluta procederase a realizar unha segunda votación, na que resultará elixido o Deputado ou Deputada que obteña a maioría simple dos votos dos membros presentes, isto é mais votos a favor que en contra.

7º.- Se algún dos Deputados ou Deputadas obtén a maioría absoluta de votos, en primeira votación, ou simple en segunda votación, o Presidente, en funcións, proclamarao Presidente ou Presidenta da Deputación Provincial de Lugo.

8º.- No suposto de empate na segunda votación, a elección de Presidente ou Presidenta resolverase a favor do Deputado ou Deputada que fose proposto/a polo partido ou coalición ou grupo electoral que obtivese maior número de votos na provincia nas eleccións municipais.”

A continuación intervén o Presidente, en funcións, Don Efrén Castro Caloto, no seguinte sentido:

“Prégase ao Voceiro do Grupo provincial do Partido Popular, á Voceira do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e á Voceira do Grupo Provincial do BNG, así como ao Deputado Provincial non adscrito, que designen ao candidato ou candidata ao cargo ou ven que manifesten súa vontade de non facer tal designación. Para o cal o Sr. Secretario fará o oportuno chamamento.”

Seguidamente o Sr. Secretario chama en primeiro lugar, polo Partido Popular, a don Antonio Ameijide Osorio, e pregúntalle a quen propón como candidato ou candidata á Presidencia da Deputación Provincial. En segundo lugar, polo Partido Socialista de Galicia-PSOE, o señor Secretario chama a dona María del Pilar García Porto. E a

	IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Fecha y Hora	21/01/2026 13:56:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Página	3/9



continuación, polo Bloque Nacionalista Galego, o señor Secretario chama a dona Iria Castro Fernández.

Sendo os propostos os seguintes:

Polo Grupo Provincial do Partido Popular, don Antonio Ameijide Osorio.

Polo Partido Socialista de Galicia-PSOE, dona María del Carmen López Moreno.

Polo Partido do Bloque Nacionalista Galego manifestan que renuncian a propoñer candidato.

Polo Deputado non adscrito manifesta que asume a proposta do Partido Socialista de Galicia-PSOE.

Intervén o Presidente, en funcións para manifestar o seguinte:

“En consecuencia, rogo aos Sres. e Sras. Deputados e Deputadas que procedan a emitir o seu voto, na tarxeta branca da que dispoñen, ao Deputado ou Deputada propostos polos Grupos Provincias, para o cal, a continuación, o Sr. Secretario fará o chamamaneto, para que depositen o seu voto na furna.”

Unha vez escrito o nome na tarxeta, o Sr. Secretario procede ao chamamento pola seguinte orde:

D. Antonio Ameijide Osorio

D. José Pardo Lombao

D. Francisco Javier Balado Teijeiro

D. José Ángel Santos Sánchez

D. Jesús Manuel Núñez Díaz

D. Javier Varela Pérez

D. Armando Castosa Alvarinho

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

D. José María Fernández Vázquez

D. Clemente Iglesias González

	IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Fecha y Hora	21/01/2026 13:56:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Página	4/9





D. Luís Fernández Guitián

D. Héctor Manuel Corujo González

D^a. María del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Miguel Fernández Méndez

D. Xosé María Arias Fernández

D. Iván Castro Díaz

D. Carlos López López

D^a. María Sol Morandeira Morandeira

D. Francisco Cajoto Caserío

D^a. María del Carmen López Moreno

D. Efrén Castro Caloto

D^a Iria Castro Fernández

D. Daniel García Fernández

D. José Tomé Roca

O Presidente, en funcións, D. Efrén Castro Caloto, indica que, efectuada a votación, procédese a computar os votos emitidos polos señores e señoras deputados e deputadas.

E realizado o cómputo, da o seguinte resultado:

D^a. María del Carmen López Moreno, obtén trece (13) votos.

D. Antonio Ameijide Osorio, obtén doce (12) votos.

A continuación intervén o Presidente, en funcións, no seguinte sentido:

	IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Fecha y Hora	21/01/2026 13:56:42	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Página	5/9	

“Unha vez efectuado o cómputo dos votos válidamente emitidos, tendo alcanzado a Deputada D^a. María del Carmen López Moreno, 13 votos, obtem a maioría absoluta, polo que, de conformidade co apartado 2º do artigo 207 da Lei Organica 5/85, de reximen electoral xeral, de 19 de xuño, resulta elixida Presidenta da Deputación Provincial de Lugo.”

Seguidamente o Presidente, en funcións, D. Efrén Castro Caloto, pregúntalle á señora Deputada D^a. María del Carmen López Moreno se acepta o cargo de Presidenta da Excm. Deputación Provincial de Lugo, respondando a Sra. López Moreno “si acepto”.

Novamente intervén o Presidente, en funcións, no seguinte sentido:

“Xa que vostede ten aceptado o cargo de Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, prégoles, novamente, que se achegue ao atril para prestar xuramento ou promesa do cargo, de acordo co disposto no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, que asine no Libro de Ouro da Institución e recolla a insignia, a medalla, e o bastón de mando, e posteriormente pase a ocupar a Presidencia”.

A continuación procédese á promesa por parte de D^a. María del Carmen López Moreno, do seguinte xeito:

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e o Estatuto de Autonomía, como norma fundamental da nosa Comunidade Autónoma”.

Seguidamente o Presidente, en funcións, felicita á Sra. Presidenta da Deputación Provincial; achégalle á Presidenta electa o Libro de Ouro para a súa sinatura, e seguidamente entrégalle a insignia, a medalla, e o bastón de mando, dándolle así posesión do seu cargo, pasando a ocupar a Presidencia.

A continuación, por parte de D^a. María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, pronúnciase o seguinte discurso:

“Compañeiras e compañeiros deputados; representantes das institucións; alcaldesas e alcaldes; o persoal desta casa; veciñas e veciños da provincia de Lugo:

Comparezo hoxe aquí con serenidade e convicción.

Serenidade porque creo nunha política con cabeza, diálogo e estabilidade. E convicción porque sei moi ben para que estou aquí.

	IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Fecha y Hora	21/01/2026 13:56:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Página	6/9





Asumo esta Presidencia desde a igualdade. Son muller, e chego aquí grazas ao camiño aberto por moitas mulleres e tamén por moitos homes que nos acompañaron para que hoxe haxa cada vez máis mulleres na política.

A miña experiencia como alcaldesa, o cargo máis fermoso que se pode acadar na política, que se gaña co respaldo das veciñas e veciños, ensinoume a gobernar con capacidade de diálogo, con accesibilidade e con empatía, pero tamén con firmeza e criterio propio.

O diálogo non é debilidade. A accesibilidade non resta autoridade. A empatía é entender as necesidades reais da xente para poder dar respostas xustas. Quen forma parte do equipo de goberno atopará en min dirección clara e disposición absoluta para arrimar o ombro, e sacar adiante o traballo compartido.

E quen está na oposición atopárame sempre aberta a escoitar, a dialogar e a construír acordos que sexan bos para a provincia de Lugo.

Creo na política útil, na que resolve problemas e mellora a vida da xente. E iso require gobernabilidade, require compromiso compartido e require equipos capaces de traballar xuntos, mesmo desde a diferenza.

Quero facer un recoñecemento explícito ao goberno en coalición que sostén esta Deputación. Creo firmemente no traballo en equipo e na colaboración entre forzas políticas que, aínda tendo diferenzas, comparten unha mesma responsabilidade coa cidadanía.

A estabilidade que defendemos para esta Deputación constrúese desde o diálogo, o respecto mutuo e a vontade de acordo, e esa é a estabilidade que existe nesta casa. Somos unha maioría progresista que entende que gobernar é sumar, e que ten como propósito común reforzar e mellorar a provincia de Lugo, poñendo sempre por diante o interese colectivo.

Quero expresar o meu agradecemento polo apoio recibido para asumir esta función. Agradecemento aos grupos e tamén a cada deputada e deputado que depositou en min a súa confianza para dirixir esta casa.

Esa confianza obrígame e comprométeme a traballar co interese das veciñas e veciños da provincia sempre por diante.

Permitíndeme tamén expresar un agradecemento sincero ao meu partido, ao Partido Socialista, que ao longo do tempo confiou en min para ser concelleira, alcaldesa de Burela e deputada provincial, e que agora me propuxo para dirixir esta institución. É

	IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Fecha y Hora	21/01/2026 13:56:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Página	7/9



unha confianza á que vou corresponder con todo o meu traballo, coa máxima lealdade e cun compromiso absoluto co servizo público.

Quero ter tamén unha palabra para a miña familia, polo seu apoio constante e pola súa comprensión ante unha dedicación que non sempre é doada. Ese respaldo é fundamental para poder estar aquí hoxe.

Veño da Mariña, veño de Burela. Dígoo con orgullo. E sei ben cal é o meu compromiso: toda a provincia de Lugo. Desde o norte ao sur, desde a montaña á chaira, desde a costa ao interior.

Esta Deputación vén traballando desde o coñecemento do territorio e desde a atención ás distintas realidades da provincia, cunha vocación clara de equilibrio e xustiza territorial.

Nestes últimos anos aprendín dúas cousas fundamentais. Como alcaldesa, aprendín a importancia da proximidade, de dar a cara cada día diante das veciñas e veciños, de responder con feitos ás necesidades reais. A experiencia como deputada confirmouno con claridade: a Deputación é o concello dos concellos.

A institución que está ao lado dos 67 concellos da provincia, sexan grandes ou pequenos, urbanos ou rurais, para que poidan dar mellores solucións ás necesidades do seu día a día. Porque, se somos sinceros, que serían moitos concellos sen a Deputación? É a institución que nos sostén e que permite que poidamos prestar mellores servizos á xente.

Nesta Deputación non se fala en abstracto. Aquí falamos de persoas, de concellos, de servizos, de oportunidades para vivir e para quedar. Falamos da vida diaria das veciñas e veciños da provincia de Lugo, e iso obríganos a traballar con seriedade, con compromiso e con visión de conxunto.

Quero poñer en valor o traballo desta corporación provincial nos últimos anos, baixo a presidencia anterior, un tempo no que se desenvolveu un traballo serio e útil para a provincia de Lugo. Aquí hai debate, hai diversidade e hai distintas visións, pero debe haber sempre algo por riba de todo: o interese xeral da provincia.

O respecto ao traballo político non se reclama, gáñase. Gáñase con rigor, con seriedade e cun comportamento á altura da institución que representamos.

Sen ruídos innecesarios, sen xogos estériles e sen converter a política nun espazo de confrontación permanente. A sociedade non demanda crispación. Demanda acordos, avances e solucións.

	IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Fecha y Hora	21/01/2026 13:56:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Página	8/9





E como representantes públicos, temos a responsabilidade de estar á altura do que a cidadanía espera de nós.

Asumo a honra de ser presidenta da Deputación de Lugo con emoción e ilusión, cun claro sentido do servizo público, e comprométome a exercer unha presidencia baseada no diálogo e tamén na decisión, accesible, esixente e honesta, coa vontade de impulsar proxectos para o avance desta provincia.

Desde cada concello, desde cada recuncho, hoxe mesmo quedo á vosa disposición. Traballar pola provincia de Lugo. Traballar polas súas veciñas e veciños. Moitas grazas.”

Para rematar o acto interprétase o Himno Galego na honra da Corporación Provincial.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260114&punto=1>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

O PRESIDENTE EN FUNCÍONS,

O SECRETARIO,

	IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Fecha y Hora	21/01/2026 13:56:42	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFUHTLMZOJSHL4MAG6ET6CU	Página	9/9	